



DEPARTAMENTO DE MÚSICA

MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

De conformidade e co previsto na orde Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. Ditas actividades poderán terse en conta para a cualificación definitiva da materia que se fará efectiva na avaliación final de curso.

Para estes efectos procederase do seguinte xeito:

1.-ALUMNADO QUE NON TEÑA A MATERIA SUPERADA LOGO DA RELIZACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL.

- A docente realizará un breve informe no que se recollan as bases para o deseño das actividades de recuperación.
- Realización de actividades de apoio, reforzo e recuperación.
- O alumnado recibirá o material necesario para a realización de ditas actividades.
- Realización de probas de recuperación correspondentes as partes da materia non superada.

AVALIACIÓN FINAL.

De conformidade e co previsto na programación o alumnado fará un exame final, na que poderá recuperar as avaliacións non superadas.

2.- ALUMNADO QUE TEÑA A MATERIA CON PARTES SEN SUPERAR LOGO DA RELIZACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL.

- Realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- O alumnado recibirá o material necesario para a realización de ditas actividades.

Como a materia de Música é moi práctica, o alumnado que teña a materia superada será de gran axuda para o que non a teña, participando activamente no proceso de ensino-aprendizaxe e recuperación.